

INTRODUCCIÓN

Gumersindo Campaña Ferro

Cúmprese dezasete anos do pasamento de Moncho Valcarce (A Coruña, 1 de febreiro de 1993), pero a súa lembranza non esmoreceu. Nestes anos foron varias as propostas que se levaron a cabo a prol da súa figura. Primeiramente, un grupo de amigos constituíu a “Irmandade Moncho Valcarce”, co fin de perpetuar a súa memoria e “divulgar o seu pensamento”; inauguráronse rúas e prazas co seu nome nalgúns concellos; publicáronse artigos sobre el en xornais e revistas e editouse no ano 2003 un libro cun video-DVD: *Moncho Valcarce, o cura das Encrobas*, da autoría de Brais de Castro. Por parte da propia Irmandade, creáronse os premios anuais que levan o seu nome, e púxose en marcha unha exposición itinerante con paneis fotográficos sobre Moncho, que percorreu as vilas e comarcas de Galiza; promoveuse, así mesmo, unha banda deseñada sobre a súa figura.

Co paso do anos, a imaxe de Moncho foi collendo máis forma entre a xente de Galiza. Primeiro foi o “Cura da Encrobas” que viamos ergueito, coa súa inconfundible gorra, á fronte daquelas masivas manifestacións nos derradeiros 70 do pasado século. O Moncho, recoñecido *líder* agrario, era o *guieiro*. Onde se xogaba a dignidade ou os xustos dereitos da clase labrega, alí estaba el. Esta imaxe épico-heroica de Moncho pervive no imaxinario colectivo dos que viviron esa época da transición: “Heroe, na miña primeira xuventude, a túa voz abriu un camiño no mar..”, escribe Pilar Pallarés. É o Moncho do compromiso político, como militante de esquerdas e nacionalista. Nós tampouco renunciámos a esa imaxe.

Foi pouco despois da súa morte, cando apareceu publicado, no ano 1994, o seu libro *Revolucionario e Místico. Diario da doenza final*. Escrito desde a fe, o libro descúbrenos o carácter místico de Moncho Valcarce. As súas páxinas son as dun “condenado a morte” que afronta esta situación límite cunha serenidade e aceptación confiada que abraian, e que emocionaron a moitos. Este Moncho segue mantendo a súa coherencia e fidelidade ata a fin: “Ata o derradeiro momento continúa vivo a seu compromiso político e intacta a fidelidade ós seus antigos camaradas”, escribe Torres Queiruga, no prólogo do libro. O Moncho do que estamos a falar é unha “figura de primeira orde da auténtica Historia de Galiza desta segunda metade do século XX”, escribe Manuel María. Máis aínda, coidamos que este personaxe do noso país, convértese tamén en figura universal.

Tras da lectura do *Diario íntimo* xurde unha interrogante: ¿Vivió Moncho o resto da vida coa mesma densidade humana? É dicir, o home que nos “ensinou a morrer” ¿foi capaz tamén de vivir a vida coa mesma coherencia?

O propio Moncho dánola resposta. Hai uns anos, a súa familia entregou á Irmandade varios cadernos dun Diario que Moncho escribira na súa mocidade. Por eles sabemos como un día o señorito de boa familia, que levaba unha vida “divertida”, despois de pensalo ben, decide facerse cura e, con 26 anos, ingresa no Seminario. Os diarios, completados con outro escrito en Roma, abarcan do 1961 ao 68, ano no que foi expulsado do propio Seminario por ser “demasiado idealista”, segundo os seus propios superiores. Grazas a eles descubrimos a Moncho na etapa xuvenil da súa vida.

En datas recentes, de parte da familia de Eduardo -Wenceslao Martínez, bo amigo de Moncho en Culleredo- recibimos o agasallo dun caderno manuscrito, un *Diario de Exercicios Espirituais*. Trátase dun Retiro ou Exercicios Espirituais que Moncho fixera en Pontedeume no ano 1983. O momento corresponde á etapa da súa madurez, tras anos de compromiso político como concelleiro, en Culleredo. A lectura

deste Diario deixounos fondamente impresionados; un diario que, sen dúbida, está entre as mellores páxinas escritas por Moncho. Atopamos nelas as claves espirituais que o levaron a querer ser cura, pero maduras no seu compromiso político, “que configura unha espiritualidade comprometida coa causa popular”.

Co manuscrito de Pontedeume na man, a Irmandade acordou elaborar, xa, un libro completo sobre Moncho Valcarce. Atopamos a persoa adecuada en Victorino Pérez Prieto, escritor e teólogo que xa tiña escrito sobre Moncho en varias ocasións. A súa proposta foi a de facer un libro de carácter científico e rigoroso, que non dera pe a ningunha sospeita de manipulación por parte de ninguén. Para iso, contaríase cos propios textos de Moncho, un estudio e unha reflexión sobre a súa vida e a súa obra. Este traballo dirixido por Pérez Prieto preséntase aquí estruturado en varios apartados:

De entrada, unha ampla biografía sobre Moncho. Como base referencial, Victorino Pérez parte da “Pequena biografía desde a amizade”, escrita polo que fora o seu mestre e amigo D. Manuel Espiña. Pérez Prieto, apoiado en testemuños e na documentación que foi atopando, aporta novos datos, amplía os coñecidos e rectifica erros e inexactitudes de apuntes bibliográficos anteriores.

Esta biografía complétase cunhas claves interpretativas que fan unha lectura en profundidade das dimensións fundamentais da persoa e a praxe de Moncho. Primeiramente, a colaboración conxunta de Ramón Muñiz e Xácome Santos, que estudan as “Claves políticas”. E logo, o propio autor do libro analiza as “Claves relixiosas, teolóxicas e místicas”, eixo da súa vida. Este capítulo continúa con algúns testemuños que cobren e alumean algunha etapa do itinerario vital de Moncho Valcarce. O testemuño de Fernando Solla vai referido á comuna de Sésamo, e o de Herminia Estoa, á súa época de As Pontes. Figuran tamén como testemuño, a opinión de 63 veciños de Sésamo sobre o seu cura, ademais dalgúns poemas e artigos de prensa publicados sobre Moncho.

A segunda parte do libro, a máis extensa, está formado por valiosos escritos inéditos de Moncho. Unha parte importante deste material foille entregado ó autor, por Vicente Cerdeiriña, o amigo máis próximo a Moncho. Cabe destacar, particularmente, o *Diario de Poio*, escrito por Moncho no ano 1974, durante o seu arresto substitutorio nese mosteiro mercedario a causa das súas “contas pendentes” coa xustiza; é unha pasaxe da vida de Moncho que o vai marcar para asumir o seu compromiso social e político co pobo. Son páxinas esclarecedoras e duras. De Cerdeiriña provén, igualmente, o *Diario dun retiro en Poio*, no 1980, xunto con cartas escritas por Moncho, ou de outros para el, ademais doutros documentos. A este diario compre engadir os *Diarios de mocidade* e o *Diario de Exercicios Espirituais* que xa citamos.

Non puidemos esquecer o traballo realizado por Moncho como memoria do curso de reciclaxe, na UPSA de Salamanca, no ano 1988: *O compromiso político dun presbítero nunha realidade concreta: Galicia*. Trátase dun dos poucos traballos intelectuais que escribiu Moncho; nel expresa o seu compromiso social e galego. A súa sensibilidade social foi desenvolvéndose e radicalizándose na descuberta e o compromiso cun pobo e unha terra concretos: Galiza. A militancia política de Moncho é unha militancia claramente de esquerdas e nacionalista. Moncho foi un militante madurecido no sufrimento e na represión, como tantos outros na historia. Así o expresa el nas impresionantes páxinas do *Caderno de Poio*. Finalmente, engádese o outro traballo teolóxico de Moncho: “O compromiso polos pobres. Reflexións sobre a Teoloxía da Liberación”, publicado en *Irimia* (1987).

Pecha o libro sobre Moncho o apartado da Bibliografía, coa referencia completa a todo o escrito por Moncho e acerca de Moncho.

Ao remate dun dos capítulos deste libro, Victorino Pérez deixa definida así a súa figura: “Moncho foi un cura, un militante político e un profeta. Unha realidade unitaria, unida harmonicamente nun só, non unha esquizofrenia dividida en tres nin reducida falsamente a unha delas”

No título do libro defínese a Moncho como “un símbolo para Galiza”. Sen dúbida é, realmente, un símbolo. Moncho Valcarce foi un seguidor -o máis importante na Galiza- da Teoloxía da Liberación xurdida en Latinoamérica nos anos 70; a teoloxía que Ignacio Ellacuría denomina “teoloxía histórica”, que fala dos pobres como “lugar teolóxico”. A actitude de Moncho Valcarce, místico, seguidor de Xesús de Nazaret o Cristo, e a súa praxe revolucionaria, convérteno nun símbolo de futuro ou referente para Galiza, e, en particular para a Igrexa galega. Grazas a el, é posible recoñecer mellor desde a política, a forza liberadora dunha fe autenticamente evanxélica. A chamada de Moncho á Igrexa habería ser, por forza, máis interpelante. O camiño a percorrer para que a Igrexa galega se faga carne na lingua, na cultura e nos problemas deste País, é aínda moi longo.

Para rematar, cavilamos que o Moncho Valcarce “bo e xeneroso” que aquí presentamos ben merecería figurar na “santa compañía” dos grandes galegos da “Alba de gloria” do noso Castelao. Aínda máis, se Moncho admiraba en gran maneira ao gran líder agrario Basilio Alvarez, nós coidamos que é superior a el en compromiso xeneroso e coherente ata a fin. Moncho resulta, así, un signo vivo de esperanza noutra Galiza e noutro mundo posible; unha utopía non só soñada, senón xa vivida por el.